



Concello de Vigo
Xerencia de Urbanismo
Oficina Municipal de Vivenda e Solo

Praza do Rei, s/n
36202, Vigo
Tel.: 986 810 100
Fax: 986 224 780

EXP.: 1806/433

ASUNTO: mesa de contratación para o análise das ofertas presentadas no mes de marzo de 2015 para o alleamento por poxa pública das vivendas municipais na rúa Rep. Argentina, 12-14

DECRETO

A Cláusula 10.1 do prego de condicións económico-administrativas que rexen o procedemento para o alleamento por poxa pública á alza en sobre pechado das vivendas municipais da rúa República Argentina, 12-14, prevé literalmente o seguinte:

"A Mesa de contratación reunirase con periodicidade mensual na sede da Xerencia Municipal de Urbanismo, ás 11:00 horas do primeiro venres de cada mes, para o análise das posturas presentadas no mes inmediatamente anterior, salvo no caso de que non se presentase ningunha oferta.

A primeira sesión da Mesa queda convocada de forma xenérica para as 11:00 horas do primeiro venres do mes seguinte a aquel en que se publique o último anuncio da convocatoria, sexa no BOP de Pontevedra, ou ben no DOG.

A última sesión da mesa de contratación celebrarase ás 11:00 horas do primeiro venres seguinte ao día en que transcorra o prazo dun ano, contado dende o día da publicación do último anuncio da convocatoria, que operará como último día para a presentación de ofertas.

No caso de que non resulte posible por razóns de servizo, o Presidente convocará á Mesa para o día e hora máis próximos posible, que será comunicada a todos os seus membros."

Consonte o indicado no certificado de ofertas presentadas no mes de marzo de 2015, expedido polo Secretario da XMU o 06.04.2015, non consta presentada ningunha solicitude no período computable.

En consecuencia, de conformidade co disposto no parágrafo primeiro da Cláusula antes transcrita, **non procede celebrar a sesión do primeiro venres do mes de abril por non haber posturas a analizar.**

Póñase o presente Decreto en coñecemento dos membros da Mesa de contratación, e insírase no perfil do contratante, para público coñecemento.

MGC

Vigo, 7 de abril de 2014.

A PRESIDENTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

M.^a Carmen Silva Rego

